




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA  
Pza. Maior s/n 27001 LUGO  
[grupomlugo.psoe@concellodelugo.org](mailto:grupomlugo.psoe@concellodelugo.org)  
TF/FAX: 982 297 192  
[www.psoelugo.com](http://www.psoelugo.com)



O Grupo Municipal do PSG-PSOE do Concello de Lugo, presenta para o seu debate e aprobación a seguinte

### PROPOSICIÓN RELATIVA Á PARALIZACIÓN DA TRANSFORMACIÓN DO IES AS MERCEDES DE LUGO NUN CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Representantes da comunidade educativa do IES As Mercedes de Lugo solicitaron deste grupo político municipal o apoio ás medidas que veñen adoptando, relacionadas coa decisión adoptada pola Consellería de Cultura e Educación para transforma este centro nun centro integrado de formación profesional.

Dita medida, tomada de xeito unilateral, improvisada, extemporánea e mesmo sen a debida xustificación, supón unha transformación profunda da organización educativa do noso Concello.

É unilateral posto que non foi nin anunciada, nin coñecida nin moito menos consensuada cos sectores implicados: pais, profesores, alumnos e organizacións sociais e políticas deste Concello.

É improvisada posto que en poucos días, e con informacións contradictorias entre distintos responsables da citada Consellería, pasouse de informar á dirección do centro e organizacións sindicais de que se trataba dunha proposta para estudio ás aprobación no Consello da Xunta de Galicia, do 21 de marzo, do correspondente decreto.

É extemporánea posto que se toma nun momento no que conflúen dous procesos decisivos: o de escolarización dos alumnos e o concurso de traslados dos profesores.

Carece da debida xustificación xa que, con independencia de esquecer o traballo realizado nos últimos cursos polo centro, o que supuxo o recoñecemento e satisfacción dos pais do alumnado escolarizado e do propio alumnado, parece apoiarse nun pretendido incremento da oferta de ciclos formativos. A propia Consellería de Cultura e Educación xustifica esta medida dicindo que *"A conversión en CIFP dos actuais IES As Mercedes e IES A Carballeira- Marcos Valcárcel permitirá á Consellería de Cultura e Educación crear preto de 200 novas prazas de ciclos formativos para o vindeiro curso nestes centros, reforzando a súa oferta formativa con novos ciclos, en especial nas ensinanzas para adultos, na modalidade presencial e a distancia e nos Programas de*

*Cualificación Profesional Inicial (PCPI)*", descoñecendo de que novas ensinanzas se está a falar.


Entendemos, en definitiva, que esta medida tería que ser tomada, de ser o caso, tras unha análise detallada da realidade escolar da nosa cidade e as consecuencias que poidan supoñer as distintas alternativas.

Polo tanto, propónse para a súa aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

1º.- A paralización da aplicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de marzo, de transformación do IES As Mercedes de Lugo nun centro integrado de formación profesional.

2º.- A realización, coa participación de todos os sectores afectados e considerando as reformas educativas en trámite, dun estudo racional da situación educativa da zona (e por extensión de todo o Concello), no que se teñan en conta todos os aspectos pertinentes.

Lugo, 27 de marzo de 2013



Luis M. Alvarez Martínez  
Voceiro do GM Socialista

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LUGO.